

ORDENANZA FISCAL N° 26.- DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA.

ARTÍGO 1.-

A presente ordenanza será aplicable á realización de operacións de depósito, e carga e transporte en vehículos con peso máximo autorizado superior ás 5 Tm de madeira procedente da tala.

ARTÍGO 2.-

1º.- A realización das actividades descritas no artigo anterior dentro do territorio do Concello de Narón estará sometida a licencia.

2º.- A vixencia terá carácter anual, e deberá ser renovada antes de que remate o período de vixencia.

ARTÍGO 3.-

As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade deberán inscribirse nun rexistro establecido a tal efecto, no que se fará constar, como mínimo, a identificación do titular da explotación, a razón social, o N.I.F., e os vehículos adscritos a actividade, con indicación de marca, modelo, características do carrozado, matrícula e peso máximo autorizado.

ARTÍGO 4.-

1º.- Independentemente da taxa que se fixe nas ordenanzas fiscais correspondentes, os beneficiarios da licencia deberán presentar xustificantes de ter presentado fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polo importes que se indican no apartado seguinte, para responder do amaño dos deterioros que puideran producir nas vías, e a limpeza dos restos das operacións de carga de depósito de madeira.

2º.- Establécense dúas categorías a efectos de fixación das fianzas:

- | | |
|---|---------------------|
| - Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm | 1.837,95.- € |
| - Vehículos con peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm | 3.675,90.- € |

ARTÍGO 5.-

As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade inscribíranse nun rexistro establecido para o efecto no que fará constar, alomenos, a identificación do titular da explotación, razón social, N.I.F., ou C.I.F. e os vehículos adscritos á actividade, coa indicación da marca, modelo, características do carrozado, matrícula e PMA.

ARTÍGO 6.-

En todo caso o incumprimento reiterado ou a falta de pago das cantidades adebadas en concepto dos preceptos establecidos na presente ordenanza, unha vez exista resolución firme, supoñerá a anulación da licenzia e, polo tanto, a baixa automática de tódolos dereitos derivados e, polo tanto, a prohibición do exercicio das actividades regulamentadas na ordenanza no ámbito do territorio do Concello de Narón.

ARTÍGO 7.-

Non se concederá nova licenzia, renovación, nin novas anotacións no rexistro de vehículos a persoas físicas ou xurídicas incursas en causa de anulación ou que manteñan débedas derivadas de expediente de tramitación ou sanción aberto en cumprimento da presente ordenanza ata a conclusión do expediente e/ou a liquidación dos importes pendentes.

ARTÍGO 8.-

1º.- A anulación da licenzia implicará a non concesión de nova licenzia durante un período mínimo dun ano a contar dente a data na que exista resolución firme.

2º.- Unha segunda anulación da licenzia suporá a non concesión de renovación ou nova licenzia da actividade á persoa física ou xurídica titular da mesma.

ARTÍGO 9.-

Establécense, os efectos de trámite de licenzia e rexistro de vehículos, as taxas seguintes:

- | | |
|---|------------------|
| - Por tramitación de nova licenzia ou renovación | 36,75.- € |
| - Por tramitación de novos rexistros de vehículos | 14,70.- € |

Por cada rexistro de vehículo en nova licenzia ou novos rexistros de vehículos:

- | | |
|---|------------------|
| - Peso máximo autorizado maior de 5 Tm e menor de 16 Tm | 7,35.- € |
| - Peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm | 14,70.- € |
| - Pola tramitación de autorización de extracción | 36,75.- € |

A revisión das taxas realizarase mediante ordenanza fiscal específica.

DISPOSICIÓN FINAL.



A presente Ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.